



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do xoves día **QUINCE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte formado por ela :

- 1.- Aprobación do Convenio para a recollida selectiva de pilas.
- 2.-Expedientes de solicitude de comunicación de altas do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a nome de D. Luis Mariño Lamas, D. Manuel Gómez Lorenzo e Carmen Espiño Rey.
- 3.- Solicitude de licenza municipal de obra e provisional de actividade, presentada a instancia de D^a Ofelia Emilia Rey García para ampliación de explotación de nave de xestación de porcino en réxime libre no lugar de Cepa, parroquia de Piñeiro.
- 4.- Solicitude de licenza definitiva de actividade para local adicado a oficina comercial na rúa Ramón de Valenzuela n^o3-baixo, Bandeira, a instancia de D^a Constantina Ansedes López.
- 5.- Dar conta da notificación da resolución desfavorable do Programa Integrado para o Emprego, solicitado polo Concello de Silleda ao abeiro da orde do 5 de xuño de 2012 (n^o de expediente: TR332A 2012/84-0.
- 6.- Dar conta da Resolución da Deputación de Pontevedra pola que se acorda conceder ao Concello de Silleda a cantidade de 34.000,01 euros para a realización da obra "Reparación de paso sobre o río Refoxos", incluída no Plan de Investimentos e Gastos Correntes (PID) da Deputación e iniciar o expediente de contratación do citado investimento.

**1.- APROBACIÓN DO CONVENIO PARA A RECOLLIDA
SELECTIVA DE PILAS.**

**Dase conta da proposta da Alcaldesa, de data 08 de novembro de 2012,
que se transcribe:**

“Vista a carta remitida polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental invitando ao Concello a subscribir o Convenio Marco de Colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de Residuos de Pilas e Acumuladores.

Visto o Convenio Marco, en especial a cláusula quinta, "Compromisos que adquieren os entes locais" coas dúas modalidades de adhesión, opción A e opción B.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local que de adopte o seguinte Acordo:

1.- Subscribir o Convenio Marco de referencia

2.-Solicitar a adhesión ao mesmo a través da Opción B de maneira que o Concello non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos Residuos de Pilas e Acumuladores portátiles, sendo o Sistema Integrado de Xestión o que se encarga da xestión destes residuos.

3- Asir o Dumento de Adhesión e Trasládalo acompañado do Acordo expreso de Adhesión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. ”

Visto o escrito remitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinado o 27 de setembro de 2012 polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Justo de Benito Basanta, Rexistro de Saída da Xunta nº 013070, de data 02 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 5279, de data 09 de outubro de 2012, que entre outros di:

“.... Acompañase copia do Convenio Marco subscrito e do documento de adhesión, que no seu caso, deberán remitir a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, ... ”

Visto o Convenio Marco de colaboración entre a administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores, asinado o 01 de agosto de 2012 entre Dº Agustín Hernández Fernández de Rojas, Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, Dº José Pérez García, en nome e representación da entidade “Fundación para la Gestión Medioambiental de Pilas” e Dº Idalecio Matías Rodríguez, en nome e representación da entidade European Recycling Platform España S.L.U.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-



2011), por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 08 de novembro de 2012, acorda:

- 1.- Subscribir o Convenio Marco de referencia
- 2.- Solicitar a adhesión ao mesmo a través da Opción B de maneira que o Concello non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos Residuos de Pilas e Acumuladores portátiles, sendo o Sistema Integrado de Xestión o que se encarga da xestión destes residuos.
- 3.- Asinar o Documento de Adhesión e Traslado acompañado do Acordo expreso de Adhesión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

2.- EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN DE ALTAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) A NOME DE D. LUIS MARIÑO LAMAS, D. MANUEL GÓMEZ LORENZO E CARMEN ESPÍÑO REY.

2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Luis Mariño Lamas

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido

Enderezo

Luis Mariño Lamas

Rúa María Colmeiro, nº 32-Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Luis Mariño Lamas nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Manuel Gómez Lorenzo

Xunta de Goberno Local de 15 de Novembro de 2012

Páxina 3 de 17

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Manuel Gómez Lorenzo	Regalade, nº 6 - Cortegada

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Manuel Gómez Lorenzo nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

2.3.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Carmen Espiño Rey

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Carmen Espiño Rey	Cuiña, nº 9-Piñeiro

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Carmen Espiño Rey nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRA E PROVISIONAL DE ACTIVIDADE, PRESENTADA A INSTANCIA DE Dª OFELIA EMILIA REY GARCÍA PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE NAVE DE XESTACIÓN DE PORCINO EN RÉXIME LIBRE NO LUGAR DE CEPA, PARROQUIA DE PIÑEIRO.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:



Visto o expediente instruído a instancia de D^a OFELIA EMILIA RECIMIL GARCÍA, mediante escrito de data 31 de agosto de 2012 (Rexistro de Entrada nº 4589 de data 31.08.12).

RESULTANDO: Que con data 12 de novembro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 12 de novembro de 2012, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 12 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Ofelia Emilia Recimil García</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>31/08/2012</i>	<i>Nº 4589</i>	<i>Data escrito 31/08/2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Ampliación de explotación de nave de xestión de porcino en réxime libre.</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Cepa, Piñeiro</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052D503003240000XS</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Miguel López Castro, Enxeñeiro Técnico Agrícola, colexiado nº 2029</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>			
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>		
	<i>DOGA</i>		
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>324.716,83 €</i>		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002*
 - 16.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981*
 - 16.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o*



27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o
15/05/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Ofelia Emilia Recimil García, presentada con R.E. 4589 de 31/08/2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Miguel López Castro, Exeñeiro Técnico Agrícola, colexiado nº 2029.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.

4. Consultado o arquivo municipal, a explotación que se pretende ampliar conta con licenza municipal de obra e actividade, concedida en Xunta de Goberno Local do día 15 de febreiro de 2002 (notificada con rexistro de saída 290 de 25.FEB.2002. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación (...)
En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da

parcela.

5. As obras que se pretenden acometer, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

"As obras consisten en construír unha nova nave de xestión confirmada. A dita nave estará situada a oNorte das actuais naves e comunicaráse con estas a través dunha manga de manexo." A mencionada nave ten unha superficie de 1.330 m².

6. O Concello de Silleda, en sesión de xunta de Goberno celebrada o día 27 de outubro de 2011, acorda a suspensión das obras de movemento de terras efectuados na parcela obxecto deste informe técnico. Posteriormente, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2012, acordou conceder licenza municipal de obras para o citado movemento, previo informe técnico redactado polo arquitecto Martín Pereiras Corzón.

7. Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta da súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao non tratarse de "modificación substancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.*
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.*
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.*
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.*
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.*
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.*
- g) O incremento máis do 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.*
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.*

7.1 O proxecto presentado mantén a capacidade produtiva coa que conta na actualidade (1000 cabezas), segundo se observa na memoria técnica. Así mesmo, segundo a mesma memoria, non se proxecta aumento das materias primas empregadas, nin no consumo de auga, nin nos desperdicios producidos. Por tanto, este arquitecto considera que non está sometido a avaliación ambiental.



8. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

9. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase aceptado o orzamento que figura na memoria técnica.

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."*

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA LOCAL ADICADO A OFICINA COMERCIAL NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA Nº3-BAIXO, BANDEIRA, A INSTANCIA DE Dª CONSTANTINA ANSEDES LÓPEZ.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia N° 3116/10 Visto o expediente instruído a instancia de D^a CONSTANTINA ANSEDES LÓPEZ, solicitando Licencia de apertura de local para dedicalo a oficina comercial, a situar na rúa Ramón de Valenzuela, n° 3 baixo de Bandeira (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de febreiro de 2011 acorda:

“4.2.1.- Licencia N° 3116/10 Visto o expediente instruído a instancia de D^a CONSTANTINA ANSEDES LÓPEZ, solicitando Licencia de apertura de local para dedicalo a oficina comercial, a situar na rúa Ramón de Valenzuela, n° 3 baixo de Bandeira (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial D^o José Domingo Abeledo Carral, visado polo colexio oficial correspondente en data 06 de xullo de 2010 (Referencia 253710), non constando Dirección de Obra.

RESULTANDO: Que o expediente sométese a información pública por prazo de vinte días, constando certificado da Secretaría Xeral do Concello de Silleda, de data 05 de novembro de 2010, de que non foron presentadas alegacións.

RESULTANDO: Que segundo o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, dedúcese que se trata de unha actividade excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, xa que a actividade para a que se solicita licenza encadra no apartado 4.5. do Anexo III do citado Decreto (Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares).

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, según se aprecia do seu emprazamento no plano incluído no proxecto técnico.

CONSIDERANDO: Que o proxecto cumpre cós preceptos da Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras, así como có Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 09 de febreiro de 2011, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, condicionada a cumprir as medidas correctoras propostas en planos e memoria e a que a ubicación



sexa a sinalada no proxecto, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 12 de novembro de 2012, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Constantina Ansedes López, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: *"Apertura de local para dedicalo á oficina comercial na Rúa Ramón de Valenzuela, nº 3-baixo, Bandeira (Silleda)"*

Certificación *Según ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", de data 29-Febrero-2012, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:*

Data: 09-marzo-2012.

Núm. de rexistro: 1107.

Titular da actividade: *Dona CONSTANTINA ANSEDES LÓPEZ*

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 13:00 horas do día 09 de novembro do ano 2012, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na Rúa Ramón de Valenzuela, nº 3-baixo, Bandeira (Silleda), en presenza de Dona Constantina Ansedes López, con D.N.I. 52.482.433-K, e efectúa a visita de comprobación demandada pola interesada en data 09-marzo-2012 e referida á licencia municipal nº 3116/10 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 14-febreiro-2011.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", constando "CERTIFICADO de condiciones de SOLIDEZ y SEGURIDAD ESTRUCTURAL" do local, suscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Don José Domingo Abeledo Carral, e visado polo colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Delegación de Santiago.

A continuación examinase si se adoptaron todas las medidas correctoras impuestas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo á oficina comercial na Rúa Ramón de Valenzuela, nº 3-baixo, Bandeira (Silleda)"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2011 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva a CONSTANTINA ANSEDES LÓPEZ, para Apertura de local para dedicalo á oficina comercial na Rúa Ramón de Valenzuela, nº 3-baixo, Bandeira (Silleda).

5.- DAR CONTA DA NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DESFAVORABLE DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO, SOLICITADO POLO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DA ORDE DO 5 DE XUÑO DE 2012 (Nº DE EXPEDIENTE: TR332A 2012/84-0.

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, asinado o 09 de novembro de 2012 pola Xefa do Servizo de Orientación Laboral, Teresa Bernal Cortegoso, (Rexistro de Saida da Xunta nº 023124, de data 12 de novembro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 5959, de data 13 de novembro de 2012), remitindo resolución da directora xeral de Formación e Colocación de 07 de novembro de 2012, correspondete ó expediente TR332A 2012/84-0, que literalmente dí:

"Nº DE EXPEDIENTE: TR332A 2012/84-0

Visto O expediente relativo á solicitude de subvención para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego, presentado pola entidade CONCELLO DE SILLEDA.

SUPOSTOS DE FEITO

PRIMEIRO: D. PAULA FERNÁNDEZ PENA, no nome e representación da entidade CONCELLO DE SILLEDA, solicitou a concesión dunha subvención para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego.

SEGUNDO: Por parte da entidade CONCELLO DE SILLEDA, achegouse a



documentación esixida no artigo 6º da Orde do 5 de xuño de 2012.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A competencia para resolver o presente expediente correspóndelle á directora xeral de Formación e Colocación, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, de acordo co disposto no artigo 8º da Orde do 5 de xuño de 2012.

SEGUNDO: Examinada a documentación achegada ao expediente, e efectuada a correspondente avaliación por parte da comisión de valoración prevista no citado artigo 8ª da orde, obsérvase que apuntación acadada polo expediente referenciado (64,10 puntos) non acada, de acordo co previsto no artigo 7.2. a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria (70 puntos).

TERCEIRO: Na tramitación do expediente observáronse as normas que para os efectos se establecen na dita orde.

Vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DISPOÑO

1.- NON CONCEDER por non acadar a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria á entidade CONCELLO DE SILLEDA a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 5 de xuño de 2012.

2.- Notifíquese aos interesados a presente resolución para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o órgano xurisdiccional competente na forma e prazo previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdicción contencioso-administrativa.

Tamén poderá interpor potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo na forma e prazo establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola

Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso, que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses da entidade solicitante e outros posibles interesados.

*Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2012
A directora xeral de Formación e Colocación
Ana María Díaz López.*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes** acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo ó Axente de Emprego do Concello.

6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA POLA QUE SE ACORDA CONCEDER AO CONCELLO DE SILLEDA A CANTIDADE DE 34.000,01 EUROS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA "REPARACIÓN DE PASO SOBRE O RÍO REFOXOS", INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES (PID) DA DEPUTACIÓN E INICIAR O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CITADO INVESTIMENTO.

Pola Alcaldesa dase conta do escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial, asinado polo Secretario, Carlos Cuadrado Romay, de data 06 de novembro de 2012, remitindo resolución presidencia, relativa ó investimento "Reparación de paso sobre o río Refoxos", (Rexistro da Saida da Deputación nº 013995, de data 08 de novembro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 5961, de data 13 de novembro de 2012), que literalmente dí:

"RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

"En relación á confirmación da concesión de subvención con cargo á cantidade que lle corresponde a ese concello con cargo ó Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación para o ano 2012 (PID/12) para financiar o investimento denominado, "Reparación de paso sobre o río Refoxos", por un importe total de 34.000,01 euros, e co inicio do expediente de contratación:

Vista a solicitude e toda a documentación necesaria para a válida concesión da subvención e tramitación do correspondente procedemento de contratación do investimento solicitado,



Visto o informe favorable dos servizos técnicos provinciais de supervisión e comprobación do proxecto do investimento proposto,

Visto o informe de fiscalización de intervención do expediente de subvención e da documentación relacionada co expediente de contratación que debe remitir o Concello,

Visto o informe a proposta do Servizo de Cooperación, segundo o cal procede a confirmación de subvención para financiar o investimento proposto polo concello e iniciar o procedemento de contratación

RESOLVÍN:

1º.- CONCEDERLLE ó Concello do Silleda a cantidade 34.000,01 euros, para a realización do investimento "Reparación de paso sobre o río Refoxos", cun orzamento polo mesmo importe, é dicir 34.000,01 euros.

Na aplicacións 2012.942.942.65245, existe crédito para facer fronte a este gasto.

2º.- INICIAR o expediente de contratación do investimento anterior, de conformidade co artigo 109 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais normativa de desenvolvemento."

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 06 de novembro de 2012

O secretario

Carlos Cuadrado Romay"

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de

xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda dar traslado deste escrito ó departamento de obras e ó Axente de Emprego que tramita a subvención.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.- SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2012.

A Alcaldesa da a palabra ó Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, que explica a proposta de concesión de subvencións para as entidades culturais.

O Concelleiro de Obras, Manuel Cuiña, pide que conste en acta que non pode aprobarse sin saber a motivación para os puntos que se asignaron a cada solicitude. Pide explicación ó Concelleiro de Cultura sobre a valoración e criterios aplicados. Pide que conste en acta que a proposta do concelleiro é arbitraria e sin criterio. Di que non vai a votar a favor da proposta do concelleiro.

O Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre pide que conste en acta que puntuouse según os varios criterios das bases que regulan a subvención, con obxetividade, en cada epígrafe, según cantidade económica da actividade e da subvención solicitada, según criterios das bases e á vista de cada expediente, de forma imparcial, por iso asignanse puntos e logo asígnase a cantidade da subvención que se concede a cada unha. Tense en conta o coñecemento que se ten de cada asociación e a documentación. Será subxetiva en todo caso a apreciación do interés xeral. Di que os solicitantes son heteroxéneos.

A Alcaldes própon atribuir os cartos da subvención de forma matemática e aritmética, en base ós puntos asignados, e que quede a cantidade final xustificada.

O Concelleiro de Obras, Manuel Cuiña, insiste en que conste en acta que son arbitrarias e personalistas estas subvencións e non hai papeles que xustifiquen nada.

O Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre reitera o explicado.

A Alcaldesa propón atribuir os cartos da subvención de forma matemática e



aritmética, en base ós puntos asignados, e que quede a cantidade final xustificada, e que quede xustificado expresamente polo Concelleiro de Cultura a cantidade final da subvención que se concede, e que quede este asunto hoxe sobre a mesa.

O Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre está conforme con se que reflexe o carácter diferencial nas cantidades.

A secretaria do concello pide a palabra para dar lectura ás notas que tomou en relación ás intervencións que os membros da Xunta de Goberno Local pediron que constasen en acta. . Así o fai.

O Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre pide que conste en acta que xa explicou que non hai forma de poder establecer unha relación exacta entre puntuación e cantidade final.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda segundo a proposta verbal da Alcaldesa :**

Deixar este asunto sobre a Mesa, e atribuir os cartos da subvención de forma matemática e aritmética, en base ós puntos asignados, e que quede a cantidade final xustificada, e que quede xustificado expresamente polo Concelleiro de Cultura a cantidade final da subvención que se concede.

Neste momento, o Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre propón ter coñecemento das invitacións da licitación no contrato da traída de augas na parroquia de Manduas que se está tramitando no concello..

A Alcaldesa contesta que neste momento non están as invitacións feitas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de novembro de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe, A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

